

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

'CEA DAS LETRAS'

Marica Campo e Miguel Anxo Murado dan a sorpresa nos premios da AELG

Homenaxeouse a Rubén García, director da Mostra de Teatro de Ribadavia, que recibiu un sentido aplauso de varios minutos de duración.

Redacción - 11:30 28/04/2008

A *Cea das Letras* da [Asociación de Escritores en Lingua Galega](#) entregou o sábado os premios aos autores máis destacados do ano, elixidos polos propios asociados. Houbo sorpresas, como a escolla de [Marica Campo](#) e os sonetos do seu *Sextinario* como a mellor obra poética da tempada, superando a *Chisco* Fernández Naval ou a Miguel Anxo Fernán-Vello. Ou que o *Soño da Febre* de [Miguel Anxo Murado](#) fose considerada a mellor obra narrativa nun ano no que o *Made in Galiza* de Sechu Sende fora acaparando todos os premios.

Si eran esperados por todos os premios para [Agustín Fernández Paz](#), por *O único que queda é o amor* na categoría de Literatura Infantil e Xuvenil; ou o recoñecemento a *De provincia a nación: historia do galeguismo político* de [Xusto Beramendi](#) como o mellor ensaio do 2007.

En canto á tradución, foi premiado o traballo de Yolanda Vilarchao nos *Poemas canónicos* de Konstantinos Kavafis, editados en galego por Rinoceronte. E en teatro, o gañador foi Millán Picouto, pola súa obra *Ciclo de Marte*. Finalmente, Xosé Luis Méndez Ferrín fixose co premio de 'literatura xornalística', un galardón entregado pola AELG e máis polo [Colexio Profesional de Xornalistas](#).

Nunha noite na que houbo destacadas ausencias, o momento máis emotivo chegou coa entrega do premio de honra a Rubén García, creador e director da [Mostra de Teatro de Ribadavia](#), e que tamén foi premiado hai unhas semanas na gala dos María Casares. García, que sofre unha enfermidade dexenerativa, recibiu un aplauso unánime que durou varios minutos, e co que os asistentes á Cea das Letras quixeron recoñecer a achega que a Mostra de Ribadavia e o propio Rubén García veñen realizando ao teatro galego nas últimas décadas.

Novas relacionadas